

TEMA 2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma

Palabras clave: *normativización, interferencia lingüística, castelanismo, desviacións da norma.*

LEMBRA: Non debes confundir...

- **NORMATIVIZACIÓN:** proceso de elaboración e fixación dunha norma fónica, ortográfica, morfosintáctica e léxica para unha lingua.
- **NORMALIZACIÓN:** proceso que consiste na recuperación progresiva do prestixio, usos e funcións sociais dunha lingua minorizada para volver converterse no vehículo normal de comunicación da súa comunidade.

No proceso de normalización dun idioma é básica a **normativización lingüística**, que consiste na elaboración e fixación dunha norma fónica, ortográfica, morfosintáctica e léxica que sirva para o uso correcto da lingua. En comparación con outros idiomas próximos, a normativización da lingua galega comezou a desenvolverse tardiamente. Dende o século XVI o galego estivera reducido ó ámbito oral e cando volve ser empregado na literatura os escritores do Rexurdimento (s. XIX) encóntranse cunha lingua fragmentada e cun vocabulario limitado que tomaba como modelo o castelán. É neste momento cando se inicia o proceso de normativización.

Os estudosos distinguen as seguintes **etapas na historia da normativización da lingua**:

1. **Galego popularizante** (1810-1880 → autores do Rexurdimento): aínda non existe unha intención clara de elaborar unha norma. Caracterízase por ter como referencia principal o galego oral popular (con vulgarismos, dialectalismos e castelanismos).
2. **Galego enxebrista** (1880-1936 → Irmandades da Fala, Grupo Nós): os autores comezan a sentir a necesidade dunha norma. Caracterízase pola busca dun galego supradialectal (non o dunha zona concreta) e polo afán diferencialista con respecto ó castelán. Para marcar esta diferenza elimínanse os castelanismos e introdúcense numerosos arcaísmos, vulgarismos, hipergaleguismos e voces diferencialistas. Dalgunha maneira, o portugués é o modelo de lingua culta na escrita. [\[ver tema 4\]](#)
3. **Galego protoestándar** (1936-1982 → autores de Galaxia): medra a conciencia da necesidade dunha normativa que apoie a normalización da lingua. Caracterízase pola simplificación ortográfica inspirada no modelo castelán (eliminación de apóstrofos, guións, acentos graves e circunflexos...) e pola moderada preservación do influxo do castelán nos restantes planos. [\[ver tema 5\]](#)
4. **Galego estándar** (1982 ata a actualidade): as investigacións e estudos permiten atopar solucións para as interferencias e desviacións das etapas anteriores, dando lugar a unha normativa común para os usos cultos. Caracterízase pola procura dun galego supradialectal, coherente coa etimoloxía e coa tradición literaria e harmónico coas linguas da contorna. En 1982¹ apróbanse as **Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego** (NOMIG), elaboradas pola Real Academia Galega (RAG) e o Instituto da Lingua Galega (ILG), que son a normativa oficial vixente na actualidade. A oficialización dunha normativa provocou certo

¹ En 1981 o galego acadou o status de lingua cooficial de Galicia no Estatuto de Autonomía.

rexeitamente por parte dos falantes, que o consideraban un “galego inventado” co que non se sentían identificados, e fortes debates e discrepancias entre os partidarios do rexeneracionismo (que defenden a identidade do galego actual como lingua autónoma) e do reintegracionismo² (que defenden que o galego se reintegre no portugués xa que no pasado eran a mesma lingua). As *Normas* foron reformadas levemente no 2003, cando se propuxo unha “normativa de concordia”, que integraba solucións das normativas rexeneracionista e reintegracionista.

A pesar da normativización e da estandarización do idioma, a expansión do castelán nas esferas públicas e privadas provocou a presenza de moitas interferencias entre as dúas linguas. Denomínanse **interferencias lingüísticas** á introdución nunha lingua de elementos ortográficos, fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos procedentes doutra coexistente con ela. Trátase dun fenómeno propio das linguas en contacto que afecta en maior medida ó idioma socialmente máis débil. No caso do galego, ademais, a semellanza estrutural que existe entre este e o castelán e a ausencia histórica dunha normativa favorece este fenómeno, dando lugar á penetración de **castelanismos** en tódolos planos da lingua:

- castelanismos ortográficos: destacan a confusión de grafías (*b/v*, uso/non uso do *h*...) e a acentuación incorrecta das palabras (p. ex.: acentuación dos adverbios en *-mente*)
- castelanismos fonolóxicos: afectan á pronuncia das vogais de grao medio abertas e pechadas, do *x* e do *n* velar
- castelanismos morfolóxicos: son os máis variados e afectan a cuestións como o xénero e o número dos substantivos e adxectivos (p. ex.: **o-viaxe*, **a-labor*), as formas verbais (p. ex.: uso de tempos compostos) e as formas pronominais (p. ex.: confusión de *te/che*)
- castelanismos sintácticos: destaca especialmente a colocación incorrecta dos clíticos
- castelanismos léxicos: son os máis abundantes e consisten na substitución de palabras galegas por outras castelás (*rodilla*, *cuchara*, *silla*) ou na adaptación de palabras do castelán á forma do galego (*antoxo*, *axuntamento*, *carreteira*)

Ademais das interferencias, tamén se detectan **desviacións da norma**, é dicir, voces que non se axustan á normativa por varios motivos:

- porque non pertencen ó nivel culto: **vulgarismos** (*verdá*, *ialma*...) e **dialectalismos** (*tu*, *calai*, *camiois*...)
- porque non son palabras de uso actual: **arcaísmos** (*vegada*, *conquerir*...)
- porque son inventos motivados indirectamente pola presión do castelán: **hipergaleguismos** (*primaveira*, *inconvinte*, *semán*...)

NOTA: Aínda que habitualmente se usan como sinónimos, non é o mesmo...

- **variedade normativa**: aquela fixada polas academias e/ou outras institucións que describe os usos correctos da lingua (a que se describe nas gramáticas e dicionarios).
- **variedade estándar**: aquela aceptada socialmente como modelo común para os usos formais e para ámbitos coma o ensino, os medios de comunicación e a Administración.

Ex.: o seseo e a gheada son trazos que forman parte da variedade normativa, porque o seu uso está recollido nas obras que fixan a normativa do galego, non obstante, raramente se incorporan á variedade estándar porque existen prexuízos na sociedade sobre o seu uso.

² O reintegracionismo ou lusismo é unha tendencia que sostén que o galego e o portugués forman parte do mesmo diasistema lingüístico e propón unha normativa esencialmente común á portuguesa. Unha das figuras máis relevantes desta tendencia foi Ricardo Carvalho Calero.